O nematodo da madeira do pino (Bursaphelenchus xylophilus) é un microorganismo de apenas dous milímetros, procedente de América do Norte, que ameaza os bosques de Galicia. Iniciou unha praga en Portugal no ano 1999 e agora xa afecta á metade do territorio do país veciño. A situación en Galicia non é aínda tan extrema, pero na última década detectáronse xa seis focos críticos en España, dos cales dous están en Galicia, outros dous en Castela e León e dous máis en Estremadura.

O nematodo ataca a madeira de pino colaborando con outra especie, que é a que lle permite desprazarse entre as árbores e infectalas, provocando a súa morte no transcurso dun só mes. O insecto co que colabora é o longicornio do pino, un escaravello que se alimenta das ramas novas e tenras do pino. O escaravello leva ao nematodo ata árbores que doutro xeito lle serían inaccesibles e o nematodo debilítaas para que o escaravello se poida aproveitar delas.

O clima actual, moi seco e con altas temperaturas durante períodos prolongados, favorece a expansión do nematodo, polo que cómpre estar moi alerta para adoptar as medidas de prevención e control oportunas, e evitar que se agraven moito os danos ao medio ambiente e ao comercio de madeira.

Investigadores da Universidade Politécnica de Madrid e do Joint Research Centre da Comisión Europea, en Italia, desenvolveron un modelo predictivo que calcula

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:26
Nº Rexistro: 39549
Data envio: 31/10/2018 17:26:43.059

o avance do nematodo. O modelo anticipa a difusión da praga "determinando as áreas de maior risco e permitindo así empezar a aplicar nesas zonas as medidas de control máis efectivas para deter, ou polo menos, ralentizar, o seu avance e a magnitude dos danos que provoca". Segundo os investigadores, o nematodo pode instalarse definitivamente en Galicia e no oeste do país durante os próximos anos.

Para evitar que o nematodo cause estragos irreparables no noso territorio é preciso e urxente que se leven a cabo tarefas de detección precoz e de eliminación das árbores infectadas, así como trampeos masivos de escaravellos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

-Que está facendo a Xunta de Galicia para evitar que o nematodo infecte as árbores de Galicia?

-Está adoptando medidas de detección e eliminación das árbores infectadas?

- Está levando a cabo trampeos de escaravellos? Con que resultados?

- Que escenarios anticipa para os próximos anos?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:26
Nº Rexistro: 39549
Data envio: 31/10/2018 17:26:43.059

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 31/10/2018 16:45:54

Antón Sánchez García na data 31/10/2018 16:46:04

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:39
Nº Rexistro: 39556
Data envio: 31/10/2018 17:39:34.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O 2 de febreiro de 2017 o Pleno do Concello de Gondomar aprobou a integración de Gondomar no *Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galiza na área de trasporte metropolitano de Vigo.* Tamén nesa data, aprobou a consignación económica correspondente. Posteriormente trasladou á Consellería a documentación correspondente, tendo a día de hoxe todo o trámite necesario para súa inclusión no citado Convenio.

Mais, a día de hoxe o Goberno da Xunta está a impedir que a integración sexa efectiva xa que nas reunións da Comisión de Seguimento do devandito Convenio celebradas en abril de 2017 e maio de 2018 non se incluíu na orde do día a citada petición.

A cláusula *4.3.-Operatividade* do citado convenio establece que "a comisión reunirase cunha periodicidade cando menos semestral", polo que corresponde convocar unha nova xuntanza no segundo semestre de 2018.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

129212

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:39
Nº Rexistro: 39556
Data envio: 31/10/2018 17:39:34.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Cando ten previsto a Xunta de Galiza convocar a Comisión de Seguimento do "Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galiza na área de trasporte metropolitano de Vigo"?

2. Por que a Xunta de Galiza non tramita a solicitude do Concello de Gondomar para se incorporar ao transporte metropolitano, de xeito que a súa veciñanza poida dispoñer da tarxeta metropolitana e beneficiarse dos descontos no importe dos billetes, co conseguinte aforro nos gastos de desprazamento?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 17:36:44

129213

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:39
Nº Rexistro: 39556
Data envio: 31/10/2018 17:39:34.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 17:36:49

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 17:36:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 17:36:53

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 17:36:54

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 17:36:56

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:45
Nº Rexistro: 39558
Data envio: 31/10/2018 17:45:02.587

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª.**

No que vai de 2018 morreron 77 persoas nas estradas galegas. Supéranse así as mortes en estrada do 2017 cando aínda faltan tres meses para final de ano.

O verán foi particularmente tráxico. 33 foron os mortos nos meses de xuño, xullo e agosto. Setembro foi aínda peor, 15 persoas faleceron nun só mes: 6 en Pontevedra, 5 en A Coruña, 3 en Lugo e 1 en Ourense.

Estes datos quebran de maneira alarmante o descenso de accidentes nas estradas que observamos durante os pasados veráns. En setembro do 2014 houbo 12 mortos, 8 en 2015, 6 no 2016 e 4 no 2017.

Segundo os responsables de tráfico, en 2018 aumentaron as saídas da vía e os choques frontais por mor dos excesos de velocidade e das distraccións ao volante, a meirande parte delas xeradas polo teléfono móbil.

A seguridade viaria é unha responsabilidade de todos e non pode ser esquecida polas institucións. Non podemos relaxarnos polo mero feito de que durante anos as cifras de mortos descenderon. Cada morte é unha traxedia. Así, é urxente que dende as administracións se tomen medidas para mellorar a seguridade nas estradas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:45
Nº Rexistro: 39558
Data envio: 31/10/2018 17:45:02.587

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Atendendo a este alarmante incremento de falecidas nas estradas galegas, e que chega nun contexto previo no que os datos de sinistralidade en Galicia xa se atopaban entre os máis altos do Estado, faise urxente actuar sobre esta cuestión.

Polo exposto, preséntanse as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) A que se debe o incremento de mortalidade nas estradas galegas?

2.ª) Atendendo a estes resultados, segue a Xunta de Galicia apostando polo plan 2016-2020, prepara modificacións no mesmo ou a creación dun novo?

3.ª) Que actuacións concretas ten realizado a Xunta de Galicia para reducir a sinistralidade e o número de falecidas en Galicia estes tres anos de desenrolo do plan?

4.ª) Que está facendo ou vai a facer a Xunta de Galicia para reverter esta situación?

5ª) Que valoración fai a Consellería do estado da rede de estradas galegas en termos de seguridade?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:45
Nº Rexistro: 39558
Data envio: 31/10/2018 17:45:02.587

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Marcos Cal Ogando na data 31/10/2018 17:42:19

Antón Sánchez García na data 31/10/2018 17:42:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:53
Nº Rexistro: 39565
Data envio: 31/10/2018 17:53:10.619

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

A Axencia Galega de Infraestruturas publicou no DOG, o pasado 6 de agosto de 2018, o Proxecto de mellora da seguridade viaria na contorna do treito de concentración de accidentes na estrada PO 331, do P.K. 11.200 ao P.K. 14.600.

Con data 18.9.2018, a Asociación Veciñal Galiñeiro de Vincios presentou un escrito de alegación ao Proxecto coas seguintes consideracións:

1) O citado Proxecto non ten en conta as necesidades de mobilidade das persoas usuarias da vía e residentes no lugar de Vincios.

2) Cuestiona as actuacións previstas nas intersecções e propón melloras e alternativas. Concretamente nas seguintes intersecções:

- Saída Monte Galiñeiro, P.K. 12.800

- Saída Atalaia, P.K. 12.900

- Intersección coa estrada do Salgueiro, P.K. 13.400

- Acceso ao Centro Cultural, P.K. 13.500

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:53
Nº Rexistro: 39565
Data envio: 31/10/2018 17:53:10.619

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Tanto na intersección coa estrada do Salgueiro como na de acceso ao Centro Cultural poderíanse habilitar carrís centrais para permitir xiros á esquerda.

- Intersección de acceso a Santa Lucía (P.K. 13.900) e intersección de acceso a Piñeiro (P.K. 13.940)

- Intersección de acceso ao barrio da Seca

3) O proxecto non ten en conta o impacto na contorna do incremento de itinerarios e tráficos no pequeno treito que vai desde a intersección da subida ao Galiñeiro ate a Glorieta de Santa Lucía.

4) O Proxecto non ten en conta as necesidades das persoas residentes na parroquia: dificulta os desprazamentos en vehículo dentro da mesma, dificulta a mobilidade peonil debido á distancia entre os pasos de peóns proxectados, e suprime espazos empregados actualmente para estacionamentos.

5) A xustificación do Proxecto vén dada pola elevada concentración de accidentes neste treito. Cómpre ter en conta que a maior parte dos sinistros son por alcance, causados por exceso de velocidade, distraccións ou non respecto da distancia de seguridade.

O Proxecto non contempla ningunha medida específica para asegurar que os vehículos respecten os límites de velocidade. Tendo en conta que o obxectivo principal do Proxecto debe ser a redución de accidentes de tráfico, poderíanse establecer outras actuacións como semáforos accionados por velocidade, pasos de peóns elevados ou redución da velocidade máxima.

129219

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:53
Nº Rexistro: 39565
Data envio: 31/10/2018 17:53:10.619

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De todo o anteriormente sinalado dedúcese que esta actuación crea na contorna unha barreira física que dificulta a mobilidade interna tanto para peóns como para vehículos, polo que o Grupo Parlamentar do BNG presenta as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Vai tomar en consideración a Xunta de Galiza as alegacións presentadas pola Asociación Veciñal O Galiñeiro de Vincios a respecto do Proxecto de reforma da estrada PO 331?

2. Ten previsto a Xunta de Galiza adoptar medidas para a supresión ou o abaramento da peaxe da autovía AG-57?

3. Considera o goberno galego que o citado treito debe ter características de vía urbana ou como se pretende co citado Proxecto debe converterse nunha estrada convencional, creando un muro de división da parroquia e dificultando a mobilidade peonil e en vehículos?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

129220

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:53
Nº Rexistro: 39565
Data envio: 31/10/2018 17:53:10.619

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 17:50:19

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 17:50:24

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 17:50:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 17:50:27

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 17:50:29

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 17:50:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 18:04
Nº Rexistro: 39566
Data envio: 31/10/2018 18:04:14.325

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río e Diego Calvo Pouso ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Xunta de Galicia ven demostrando nos últimos anos un claro compromiso co noso sistema xudicial, mesmo nos anos en que a recesión económica reduciu de forma moi apreciable os recursos da nosa comunidade.

Ese compromiso vense reflectindo nos orzamentos, que nos últimos anos, inda que moderadamente, se foron incrementando neste eido.

As melloras tecnolóxicas e a aposta por novas infraestruturas xudiciais como as que se teñen executado nas cidades de Santiago, Ourense e A Coruña, e as que se están executando en Pontevedra, Vigo e Tui, dan conta dun claro compromiso coa modernización do noso sistema xudicial.

Porén, dende o Grupo Popular somos conscientes da importancia de complementar estas grandes obras coas pertinentes melloras no resto de edificios xudiciais da nosa Comunidade. Neste sentido, no programa electoral co que este grupo obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega en setembro de 2016, recollemos o compromiso expreso de “continuar coas obras de adaptación e mellora dos máis de 50 edificios xudiciais da nosa Comunidade, priorizando en función das súas necesidades”.

Somos coñecedores de que, en cumprimento dese compromiso, son moitas as actuacións que se están acometendo neses edificios; non só para a súa conservación e mantemento ordinario, senón actuacións de mellora e adaptación, para optimizalos dende o punto de vista funcional, enerxético, etc. en definitiva, actuacións que garantan que os edificios xudiciais sirvan en todo momento, de forma óptima, os fins que lle son propios.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte Pregunta oral en Comisión:

-Que obras de adaptación e mellora dos edificios xudiciais da nosa Comunidade ten efectuado a Xunta de Galicia no que vai de lexislatura?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 18:04
Nº Rexistro: 39566
Data envio: 31/10/2018 18:04:14.325

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

María Julia Rodriguez Barreira na data 31/10/2018 17:58:22

César Manuel Fernández Gil na data 31/10/2018 17:58:42

Jacobo Moreira Ferro na data 31/10/2018 17:58:47

María Isabel Novo Fariña na data 31/10/2018 17:59:38

Antonio Mouriño Villar na data 31/10/2018 17:59:53

Alberto Pazos Couñago na data 31/10/2018 18:00:14

Paula Prado Del Río na data 31/10/2018 18:00:30

Diego Calvo Pouso na data 31/10/2018 18:00:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2018 12:52
Nº Rexistro: 39439
Data envio: 27/10/2018 12:52:42.434

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o colapso dos Xulgados do Social en Lugo e as medidas que ten adoptado a Xunta de Galiza fronte a esta situación.

Lugo precisa dun cuarto xulgado do social como reclaman profesionais e organizacións sindicais desde hai anos e como demostra a situación de colapso en que se atopan os tres xulgados cos que conta na actualidade.

Sirvan de exemplo para soster a anterior afirmación as demoras, de até case tres anos, que se están a producir nas citacións en procesos ordinarios e de até 6 meses para casos urxentes.

Estamos a falar de asuntos que atinxen reclamacións de salarios adebedados, reclamacións á Seguridade Social por incapacidades ou de dereitos laborais vulnerados en casos de despedimentos, por exemplo. Esta situación vulnera o dereito á tutela xudicial efectiva das traballadoras e traballadores e reforza, no ámbito laboral, a posición das empresas que vulneran dereitos e/ou incumpren as súas obrigas.

Nesta lexislatura, no concreto en xaneiro de 2017, o Parlamento de Galiza adoptou un acordo unánime para demandar a creación do cuarto xulgado do social en Lugo, porén, nas novas unidades creadas en 2018 ningunha delas atinxiu Lugo o que, como evidencian os cada vez maiores atrasos, agrava a situación.

129224

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2018 12:52
Nº Rexistro: 39439
Data envio: 27/10/2018 12:52:42.434

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación que atinxe os Xulgados do Social en Lugo?

- Cre o Goberno galego que Lugo precisa da implantación dun cuarto Xulgado do Social?

- Ten demandado a súa creación?

- De ser así, que argumento ou razón sostén que non se crease xa?

- Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para dotar Lugo do cuarto xulgado do social que precisa?

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

129225

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2018 12:52
Nº Rexistro: 39439
Data envio: 27/10/2018 12:52:42.434

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 27/10/2018 12:50:22

María Montserrat Prado Cores na data 27/10/2018 12:50:28

Ana Pontón Mondelo na data 27/10/2018 12:50:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/10/2018 12:50:31

Noa Presas Bergantiños na data 27/10/2018 12:50:32

Xosé Luis Bará Torres na data 27/10/2018 12:50:33

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39496
Data envio: 31/10/2018 11:08:41.576

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

1. O Celta de Vigo, por medio do seu presidente, anunciou o pasado ano 2017 o Proxecto para a construción dunha cidade deportiva e dun macrocentro comercial en Mos, nas parroquias de Pereiras e Tameiga. Trátase dunha actuación que prevé un ámbito de actuación de 864.000 metros cadrados situados en terreos cualificados como solo rústico protexido, polo que o Concello de Mos iniciou a tramitación dunha modificación puntual do PXOM para cambiar a súa cualificación a usos terciarios e dotacionais.

Todo o proceso de anuncio e tramitación deste Proxecto cheira a cacicada e cambalache, xa que primeiro faise o anuncio público, nun acto no que estaban o presidente da Xunta e a Alcaldesa de Mos, asínase un convenio entre o Celta e o Concello, e logo fórzanse os cambios legais necesarios e os informes favorábeis para facelo realidade.

A este respecto cómpre ter en conta que a modificación precisa de Avaliación Ambiental Estratéxica e diversos informes sectoriais favorábeis: ambiental, sanidade, medio rural, patrimonio… Do que se coñece ate o momento parece deducirse que hai unha intención previa de que estes informes sexan positivos, isto é ao menos o que se deriva do apoio ao Proxecto por parte da alcaldesa de Mos e do presidente da Xunta.

129227

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39496
Data envio: 31/10/2018 11:08:41.576

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre ter en conta que aproximadamente a metade espazo corresponde a terreos de protección forestal (monte comunal de Tameiga e Pereiras), polo que se pretende impoñer unha modificación do uso para destinalos a usos comerciais lucrativos, declarando a actuación de utilidade pública para que a administración poida realizar as expropiacións e logo "vendelos" a unha empresa privada.

Por se isto non abondase e para mellor garantir a cacicada, o goberno galego ven de introducir na lei de acompañamento unha modificación da lei do solo mediante un novo artigo, 117 bis, que está pensado para facilitar o proxecto promovido polo Celta en Mos, como se pode ver no seguinte parágrafo: *poderá atribuírse a condición de beneficiario da expropiación a persoas naturais ou xurídicas, para que adquiran a propiedade de todos os bens e dereitos incluídos no ámbito de actuación, aboando o seu xusto prezo, e executen as obras de urbanización.*

Velaquí o texto completo do artigo:

"Artigo 117 bis. Modalidades de execución das actuacións no sistema de expropiación

1. A administración expropiante poderá utilizar, para o desenvolvemento da actividade de execución das actuacións no sistema de expropiación, todas as modalidades de xestión directa e indirecta admitidas pola lexislación de réxime xurídico, de contratación das Administracións Públicas, de réxime local e de ordenación territorial e urbanística.

2. Será aplicable a lexislación de contratos do sector público cando a modalidade de xestión do sistema de expropiación elixida supoña a adxudicación de contratos de obras ou de concesión regulados na indicada lexislación.

129228

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39496
Data envio: 31/10/2018 11:08:41.576

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Así mesmo, de acordo cos principios de transparencia, publicidade e concorrencia, poderá atribuírse a condición de beneficiario da expropiación a persoas naturais ou xurídicas, para que adquiran a propiedade de todos os bens e dereitos incluídos no ámbito de actuación, aboando o seu xusto prezo, e executen as obras de urbanización.

Nos concursos públicos que a tal efecto se convoquen poderán presentar ofertas calesquera persoas físicas ou xurídicas, interesadas en asumir a xestión da actuación, incluídos os propietarios que formen parte do correspondente ámbito. A tales efectos, estes deberán ben constituír unha entidade urbanística de xestión, que terá natureza administrativa e duración limitada á da actuación, ou ben constituír unha sociedade mercantil ao efecto.

Os concursos públicos poderán ser convocados unha vez que se aprobe definitivamente o planeamento que conteña a ordenación detallada. A convocatoria deberá publicarse como mínimo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado.

As bases do concurso determinarán os criterios aplicables para a súa adxudicación, debendo terse en conta, en particular, aqueles que produzan un maior beneficio para a colectividade no seu conxunto e favorezan a atracción do investimento e creación de emprego.

As bases do concurso público fixarán os dereitos e as obrigas do beneficiario da expropiación, que actuará ao seu risco e ventura, e que comprenderán en todo caso os deberes de executar a urbanización e efectuar as cesións obrigatorias establecidas nesta lei."

129229

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39496
Data envio: 31/10/2018 11:08:41.576

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Por outra parte, o Proxecto vai ter un forte impacto negativo no monte, nas augas e na contorna tanto pola construción dos equipamentos deportivos e comerciais como pola construción dos accesos desde a autovía A55.

Ademais, o Proxecto de macrocentro comercial vai ter un impacto moi negativo no tecido comercial tradicional de Mos e da contorna: este macrocentro non está xustificado desde o punto de vista socioeconómico nin ten ningunha utilidade pública, só ten interese e utilidade como negocio privado e como fonte de financiamento da cidade deportiva. Ou dito doutro xeito, a cidade deportiva é unha escusa para instalar en terreos de protección forestal unha grande superficie comercial da que van ser beneficiarios os grandes grupos internacionais que se dedican a este tipo de negocios especulativos. A Xunta e o Concello están apoiando e facilitando un enorme pelotazo urbanístico, poñendo os intereses de grandes especulares por riba do interese público, do interese do comercio local, da veciñanza da contorna e dos usos tradicionais ambientais, sociais e produtivos do monte.

Ademais, o Proxecto conta con un forte rexeitamento por parte da veciñanza, tanto no caso da comunidade de montes de Tameiga como das comunidades de augas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Considera o goberno galego que é un procedemento normal amosar o apoio público a un Proxecto privado e de carácter lucrativo como o que promove o Celta en Mos?

-En que medida condiciona este apoio previo a posterior aprobación do Proxecto e a emisión de informes favorábeis?

129230

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39496
Data envio: 31/10/2018 11:08:41.576

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera a Xunta de Galiza que está xustificado o interese público na utilización de terreos de monte comunal para a construción dun macrocentro comercial en Mos?

-No caso de que se autorizase a modificación do PXOM, non considera o goberno galego que se está facendo un uso perverso das leis para favorecer un Proxecto e un promotor privado?

-Que relación existe entre a modificación da lei do solo a través da lei de acompañamento (artigo 117 bis) e o Proxecto do Celta en Mos?

-Considera o goberno galego que o Proxecto de macrocentro comercial responde ao interese público?

-Ten previsto a Xunta de Galiza avaliar o impacto do Proxecto no tecido comercial da contorna?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

129231

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39496
Data envio: 31/10/2018 11:08:41.576

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 11:07:39

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 11:07:44

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 11:07:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 11:07:47

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 11:07:48

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 11:07:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:02
Nº Rexistro: 39509
Data envio: 31/10/2018 13:02:50.603

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A pesca en Galicia perde persoas ocupadas a un ritmo moi preocupante. De acordo cos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) para Galicia, nada menos que unha perda de 4.400 persoas ocupadas entre o primeiro trimestre de 2017 e o primeiro de 2018. Nun só ano reducíanse nun 21 % o número persoas ocupadas neste sector. Os datos para o segundo trimestre, viñeron a confirmar esta tendencia xa que reflicten o valor máis baixo desde que se elabora a información, no ano 2009. 14.200 persoas ocupadas fronte ás 23.800 do ano 2009.

Esta cuestión parece non importarlle a Feijóo que mira cara a outro lado. Tampouco a seguridade das persoas que traballan no mar, aínda hoxe estamos a vivir as repercusións da xestión temeraria e chapuceira do contrato do servizo de salvamento de gardacostas de Galicia, que deixou en mans dunha empresa un servizo de tal importancia para a seguridade dos galegos e galegas do mar, dándolle prioridade aos intereses privados fronte aos públicos.

Unha ano máis, temos que lamentar que a pesar de ter anunciado a finais de 2015, un plan de sinalización de bateas, que instalaría 105 balizas, o plan segue sen levarse a cabo. Hai preto 3.300 artefactos nas rías galegas e desgraciadamente xa houbo que lamentar perdas de vidas humanas.

A realidade que temos en Galicia é o resultado das políticas dun Goberno, no que o PP hai moito tempo que abandonou o sector. Un Goberno que no ano 2017 executou unicamente un 37 % do programa 723A, Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, programa de maior dotación orzamentaria da Consellería do Mar, e que incluía partidas como “saúde e seguridade”.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:02
Nº Rexistro: 39509
Data envio: 31/10/2018 13:02:50.603

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

A nefasta xestión da Xunta de Galicia para acoller o Laboratorio Europeo de Control Bacteriolóxico de Bivalvos puxo de relevo unha vez máis a súa incapacidade para referenciar a potencialidade galega sobre a investigación e a súa posición predominante sobre bivalvos e produción marisqueira. As últimas informacións proporcionadas desde a Unión Europea, anunciaron e promulgaron un procedemento e unha candidatura que nunca existiu.

Por iso as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego a situación actual da pesca en canto á perda de poboación ocupada?

2ª) Vai tomar algún tipo de medida o Goberno galego para potenciar o relevo xeracional, cales?

3ª) Vai o Goberno galego tomar algún tipo de medida para apostar pola calidade de vida da xente do mar, da súa saúde e seguridade, se for o caso, cales?

4ª) Vai tomar algún tipo de medida o Goberno galego para potenciar a formación profesional e capacitación do sector, cales?

5ª) Vai tomar algún tipo de medida o Goberno galego para promocionar a visibilidade do traballo das mulleres no mar, favorecendo as políticas de igualdade, cales?

6ª) Vai tomar algún tipo de medida o Goberno galego para acadar unha mellor xestión dos fondos da UE de xeito que non haxa que devolver os fondos á UE, cales?

7ª) Vai tomar algún tipo de medida o Goberno galego para promocionar unha rede galega de minicriadoiros de bivalvos, e de hacheries de diversas especies que eviten a importación de crías de fóra de Galicia, cales?

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:02
Nº Rexistro: 39509
Data envio: 31/10/2018 13:02:50.603

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Pazo do Parlamento, 31 de outubro de 2018

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:02
Nº Rexistro: 39509
Data envio: 31/10/2018 13:02:50.603

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 31/10/2018 13:00:07

Patricia Otero Rodríguez na data 31/10/2018 13:00:19

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:26
Nº Rexistro: 39519
Data envio: 31/10/2018 13:26:41.356

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Galiza e, especialmente, as comarcas mineiras das Pontes e de Cerceda teñen sufrido un agravio por parte do Estado español canto os seus dereitos de desenvolvemento. Fundamentalmente en dous grandes acontecementos: dunha banda, no 2011 o goberno do Estado aplicou unha redución de máis do 50% en todas as partidas do Plan do Carbón II, no que estaba incluída Galiza. Esta decisión tivo continuidade en 2012, non permitindo realizar máis asignacións e destinando os fondos ao pagamento das obrigas xa contraídas. Por outra banda, cómpre recordar que o terceiro Plan 2013-2018, en vigor, tamén asinado polo Ministerio de Industria, Carbunión e os sindicatos estatais, excluía Galiza.

Excluíuse Galiza coa escusa que as nosa minas de carbón xa non producen, mais cómpre recordar que nin no momento nin na actualidade están oficialmente pechadas, pois estamos na fase de rexeneración ambiental e labores de peche de mina, como calquera outra do Estado na mesma situación. Froito das decisións do Partido Popular Galiza fica fóra, agás para actuacións *"de carácter excepcional, ..., sempre a súa relevancia e ou seu grado de avance o xustifiquen" que nunca existen.* Polo tanto, se ben anteriormente se nos tiña discriminado e se tiñan incumprido os

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:26
Nº Rexistro: 39519
Data envio: 31/10/2018 13:26:41.356

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

compromisos, no marco vixente até o presente ano estivemos directamente excluídos como país.

No mes de outubro de 2018 fíxose público que o goberno central e o sector da minaría do carbón firmaban un acordo para a transición xusta e o desenvolvemento sostíbel das comarcas mineiras. Porén, da análise dese só pode concluírse que, unha vez máis, Galiza ficará excluída dos seus beneficios; por exemplo Galiza fica sen dereito a axudas para infraestruturas e desenvolvemento económico. Esta é unha situación inaceptábel desde o punto de vista do país, máis aínda cando paira sobre as centrais térmicas a posibilidade dun peche nun prazo curto de tempo.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que vai facer a Xunta de Galiza para que o noso país non estea excluído do novo acordo marco da minaría 2019-2027?

-Ten avaliado o acordo citado o goberno galego? Con que conclusións?

-Ten avaliado o acordo citado o goberno galego cos concellos mineiros galegos afectados? E co sector mineiro galego? Con que conclusións?

-Participou o goberno galego de reunións para a elaboración deste novo acordo? En que datas?

-Presentou o goberno galego algún tipo de recurso ao respecto?

129238

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:26
Nº Rexistro: 39519
Data envio: 31/10/2018 13:26:41.356

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera xusto que Galiza fica sen dereito a axudas para infraestruturas e desenvolvemento económico?

-Ten avaliado o grao de cumprimento dos anteriores Plans? Que vai facer a respecto das débedas coas comarcas galegas?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 13:25:56

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 13:26:01

129239

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:26
Nº Rexistro: 39519
Data envio: 31/10/2018 13:26:41.356

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 13:26:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 13:26:04

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 13:26:05

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 13:26:07

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 39532
Data envio: 31/10/2018 16:12:44.592

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estevez, Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita,** sobre o mando único e a coordinación dos Servizos de Prevención e Extinción de Incendios de Galicia.

Se algo amosou a vaga de lumes que asolou Galicia entre o 14 e o 16 de outubro de 2017, derivado da total e absoluta falta de previsión da Xunta, así como dunha improvisación intolerable, foi tanto os fallos no dispositivo contra incendios (faltou organización, coordinación e disposición de medios) como no actual modelo forestal que temos en Galicia, na información á poboación, etc. Non se soubo afrontar a emerxencia nin nas vilas nin nas cidades.

Esa fin de semana fallou o dispositivo, constatándose que a Xunta de Galicia obvia as súas obrigas nesta materia, por unha banda porque o servizo de Emerxencias de Galicia está totalmente desregulado e segregado e por outro lado, porque a Lei de Emerxencias de Galicia atópase sen desenrolar dende fai máis de dez anos.

Esa desidia por parte da Xunta deu e segue dando lugar a que cada concello, deputación e incluso a propia Xunta teñan que crear diferentes corpos para prestar estes servizos, dando lugar a un conglomerado difícil de entender e de xustificar, precario e desorganizado, conformado por: bombeiros públicos en concellos de máis de 20.000 habitantes (funcionarios de carreira), bombeiros comarcais -públicos e privados-, Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), bombeiros forestais do SPDCIF, municipais, da empresa SEAGA, da empresa TRAGSA, exército, protección civil, CIAE 112, etc.

Esta atomización fai moi complicado realizar unha xestión rápida, eficiente e coordinada, producindo problemas gravísimos de comunicación (mesmo entre os distintos entes que operan nun incendio), burocracia excesiva, tempos inadmisibles de resposta, etc. Ao que se lle debe engadir unha formación precaria e desregulada, a falta de protocolos de promoción e procedementos unificados de traballo, etc.

Conforme á Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no seu artigo 14 punto 1, o PLADIGA reflectirá a política e as medidas para a defensa dos terreos forestais e das áreas de influencia forestal, englobando os plans de prevención, protección, sensibilización, vixilancia, detección, extinción, investigación e desenvolvemento, soporte cartográfico, coordinación e formación dos medios e axentes do servizo, así como unha definición clara de obxectivos e metas por acadar, a programación das medidas e accións, o orzamento e o plan financeiro e os indicadores da súa execución.

Durante a vaga de lumes producíronse multitude de incidencias no dispositivo por carecer de persoal e material para facer fronte aos lumes, descoordinación de recursos, xerando perdas de tempo e situacións de perigo para a poboación, etc. Para o persoal de extinción, o monte seguirá ardendo ano tras ano mentres a eficacia do dispositivo se ve mermada pola falta de organización e coordinación entre as distintas forzas, pois os distintos dispositivos non teñen contacto entre eles, a pesares de ser a coordinación un aspecto destacable a nivel normativo.

Durante o Pleno do Debate do Estado da Nación, o presidente da Xunta manifestou que “que a extinción e prevención dos incendios sexa pública recórdame aos soviets da Unión Soviética”, deixando claro que a idea do seu goberno é continuar sometendo aos servizos de emerxencias a unha progresiva perda de dereitos laborais a través de externalizacións.

Galicia arderá mentres haxa empresas que saquen beneficio do lume. Nin os medios aéreos nin os parques de bombeiros poden ser privados. O servizo de prevención e loita contra o lume en Galicia debe ser único e público, e debe estar debidamente coordinado.

Na actualidade é habitual atoparse incendios de cuarta xeración (lumes de interface que combinan lume forestal e urbano- e de quinta xeración (grandes incendios forestais simultáneos con lumes de interface masivos) que ameazan á poboación e desbordan a capacidade de extinción dos equipos, obrigando aos medios de extinción a actuar en actitude defensiva (protexer bens e persoas) sen ter apenas posibilidades de poder atacalos. Esta nova tipoloxía de lumes e as súas consecuencias superan, por tanto, a capacidade de extinción dos dispositivos máis preparados, e, por suposto, superan a capacidade de extinción de dispositivos mermados e atomizados como o actual.

Estes lumes están á orde do día, sen embargo, a Consellería de Medio Rural non contempla protocolos estruturados e eficaces de intervención conxunta entre os diferentes corpos de extinción que día a día conviven traballando nestes lumes.

Por isto, cómpre establecer protocolos, así como un mando único operativo nas emerxencias no territorio galego, mando que dirixa e coordine a actividade dos servizos de prevención e extinción de incendios, persoal de protección civil, voluntariado, persoal sanitario de emerxencias, forzas e corpos de seguridade, servizos de rescate, etc. Nos textos normativos, así como no PLATERGA e no PEIFOGA, está en certo modo recollido o mando único no caso de declaración das correspondentes situacións ou niveis de emerxencia, se ben na práctica, ate agora isto ten nulo impacto. É necesario que o mando único se execute de xeito efectivo, se establezan mecanismos claros de designación e activación, responsabilidades, etc.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 39532
Data envio: 31/10/2018 16:12:44.592

Ademais da falta de protocolos claros de coordinación, así como do mando único operativo, os dispositivos de prevención e extinción de incendios adoecen dunha formación de calidade na materia, polo que reclaman a estandarización e homoxeneidade na súa formación, xa que á hora de acceder aos seus postos de traballo, atópanse con grandes disparidades na formación de base que deben aportar, temarios, valoración de méritos formativos, oferta de formación continuada ao longo da súa vida laboral, etc.

É esencial ofrecer a estes dispositivos unha formación regrada, de calidade, e continuada, na que se preste especial atención aos problemas das multiemerxencias e aos novos tipos de incendios, así como á formación psicolóxica para saber como afrontar certas situacións.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto a Xunta reforzar e executar o mando único operativo e real de tódalas emerxencias de Galicia, garantindo a coordinación de tódolos corpos?.
2. Ten pensado a Xunta aprobar un Protocolo de Coordinación dos dispositivos de prevención e extinción de Incendios co resto dos organismos, estruturas e recursos dedicados a este fin?.
3. Cando ten pensado a Xunta implementar protocolos claros de comunicación, coordinación e actuación entre os diferentes dispositivos que actúan na extinción de incendios?.
4. Vai a Xunta implementar un protocolo claro, incluído un sistema de comunicación perfectamente habilitado para intervir en Portugal de ser preciso, e viceversa, tal e como se indica no PLADIGA?.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 39532
Data envio: 31/10/2018 16:12:44.592

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

5. Cando ten pensado a Xunta implementar con urxencia protocolos de actuación para os lumes de interface, onde mínimo actúan bombeiros urbanos e forestais?.
6. Ten previsto a Xunta ofrecer unha formación regrada, continuada, calendarizada e de calidade aos dispositivos que traballan na prevención e extinción de incendios?.
7. Ten previsto a Xunta levar a cabo probas e simulacros de coordinación entre os diferentes dispositivos intervintes na extinción de incendios?.
8. Destinará a Xunta o orzamento preciso para implementar as citadas medidas?.

Santiago de Compostela a 23 de outubro de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 31/10/2018 15:56:58

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 39532
Data envio: 31/10/2018 16:12:44.592

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Antón Sánchez García na data 31/10/2018 15:57:08

Luis Villares Naveira na data 31/10/2018 15:57:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:24
Nº Rexistro: 39544
Data envio: 31/10/2018 17:24:13.722

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

1. A autovía AG 57 é un vial de 22,6 km que comunica o Val Miñor (concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar) con Vigo, o resto de Galiza e Portugal. Na práctica debería funcionar como unha circunvalación dos citados concellos e como unha alternativa para evitar a conxestión e o elevado tráfico na estrada Vigo-Baiona, unha vía na que se producen importantes retencións, sobre todo no verán e principalmente na zona da Ramallosa, principal nó de conexión dos tres concellos; e na estrada PO 331 ao seu paso por Víncios (Gondomar), fundamentalmente no tramo p.k. 11.200 ao p.k. 14.600., a zona céntrica e máis habitada da parroquia, onde a densidade de tráfico provoca moita inseguridade para as persoas e unha importante contaminación acústica e ambiental.

2. A autovía AG 57 é unha vía de peaxe, con unha concesión que remata en 2045, e que xestiona o grupo Itínere. Esta situación supón unha discriminación para as persoas que residen no Val Miñor e as que de desprazan a esta comarca posto que outras zonas do país con características similares (Baixo Miño, O Morrazo, O Barbanza) teñen autovías libres de peaxe.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:24
Nº Rexistro: 39544
Data envio: 31/10/2018 17:24:13.722

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A supresión da peaxe nesta autovía é unha demanda social e institucional que conta con amplo respaldo na comarca, incluíndo o apoio dos plenos dos concellos.

4. A eliminación da citada peaxe tería importantes repercusións positivas para o Val Miñor:

- Mellora da mobilidade xeral na comarca, desconxestionando a estrada Vigo-Baiona e eliminando tráfico de paso polos núcleos urbanos.

- Mellora da conectividade e competitividade dos parques empresariais da Pasaxe-Vincios (Gondomar), de Porto do Molle (Nigrán) e tamén co Parque Tecnolóxico Loxístico de Valadares (Vigo).

- Conexión directa, rápida e gratuíta co hospital de referencia da comarca, o Álvaro Cunqueiro, e tamén con outros equipamentos administrativos e de servizos.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Comparte a Xunta de Galiza a necesidade de supresión da peaxe na autovía AG 57?

-Ten previsto o goberno galego realizar un estudo sobre a viabilidade e oportunidade do rescate da concesión e supresión da peaxe da AG 57?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:24
Nº Rexistro: 39544
Data envio: 31/10/2018 17:24:13.722

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera o goberno galego a posibilidade transitoria da rebaixa da peaxe na AG 57 para residentes e empresas radicadas no Val Miñor?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 17:22:26

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 17:22:32

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 17:22:34

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 17:22:35

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:24
Nº Rexistro: 39544
Data envio: 31/10/2018 17:24:13.722

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 17:22:37

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 17:22:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:39
Nº Rexistro: 39555
Data envio: 31/10/2018 17:39:23.716

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O 2 de febreiro de 2017 o Pleno do Concello de Gondomar aprobou a integración de Gondomar no *Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galiza na área de trasporte metropolitano de Vigo.* Tamén nesa data, aprobou a consignación económica correspondente. Posteriormente trasladou á Consellería a documentación correspondente, tendo a día de hoxe todo o trámite necesario para súa inclusión no citado Convenio.

Mais, a día de hoxe o Goberno da Xunta está a impedir que a integración sexa efectiva xa que nas reunións da Comisión de Seguimento do devandito Convenio celebradas en abril de 2017 e maio de 2018 non se incluíu na orde do día a citada petición.

A cláusula *4.3.-Operatividade* do citado convenio establece que "a comisión reunirase cunha periodicidade cando menos semestral", polo que corresponde convocar unha nova xuntanza no segundo semestre de 2018.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:39
Nº Rexistro: 39555
Data envio: 31/10/2018 17:39:23.716

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Cando ten previsto a Xunta de Galiza convocar a Comisión de Seguimento do "Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galiza na área de trasporte metropolitano de Vigo"?

2. Por que a Xunta de Galiza non tramita a solicitude do Concello de Gondomar para se incorporar ao transporte metropolitano, de xeito que a súa veciñanza poida dispoñer da tarxeta metropolitana e beneficiarse dos descontos no importe dos billetes, co conseguinte aforro nos gastos de desprazamento?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 17:37:47

129252

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:39
Nº Rexistro: 39555
Data envio: 31/10/2018 17:39:23.716

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 17:37:52

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 17:37:53

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 17:37:54

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 17:37:56

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 17:37:57

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39562
Data envio: 31/10/2018 17:52:45.407

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

A Axencia Galega de Infraestruturas publicou no DOG, o pasado 6 de agosto de 2018, o Proxecto de mellora da seguridade viaria na contorna do treito de concentración de accidentes na estrada PO 331, do P.K. 11.200 ao P.K. 14.600.

Con data 18.9.2018, a Asociación Veciñal Galiñeiro de Vincios presentou un escrito de alegación ao Proxecto coas seguintes consideracións:

1) O citado Proxecto non ten en conta as necesidades de mobilidade das persoas usuarias da vía e residentes no lugar de Vincios.

2) Cuestiona as actuacións previstas nas intersecções e propón melloras e alternativas. Concretamente nas seguintes intersecções:

- Saída Monte Galiñeiro, P.K. 12.800

- Saída Atalaia, P.K. 12.900

- Intersección coa estrada do Salgueiro, P.K. 13.400

- Acceso ao Centro Cultural, P.K. 13.500

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39562
Data envio: 31/10/2018 17:52:45.407

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Tanto na intersección coa estrada do Salgueiro como na de acceso ao Centro Cultural poderíanse habilitar carrís centrais para permitir xiros á esquerda.

- Intersección de acceso a Santa Lucía (P.K. 13.900) e intersección de acceso a Piñeiro (P.K. 13.940)

- Intersección de acceso ao barrio da Seca

3) O proxecto non ten en conta o impacto na contorna do incremento de itinerarios e tráficos no pequeno treito que vai desde a intersección da subida ao Galiñeiro ate a Glorieta de Santa Lucía.

4) O Proxecto non ten en conta as necesidades das persoas residentes na parroquia: dificulta os desprazamentos en vehículo dentro da mesma, dificulta a mobilidade peonil debido á distancia entre os pasos de peóns proxectados, e suprime espazos empregados actualmente para estacionamentos.

5) A xustificación do Proxecto vén dada pola elevada concentración de accidentes neste treito. Cómpre ter en conta que a maior parte dos sinistros son por alcance, causados por exceso de velocidade, distraccións ou non respecto da distancia de seguridade.

O Proxecto non contempla ningunha medida específica para asegurar que os vehículos respecten os límites de velocidade. Tendo en conta que o obxectivo principal do Proxecto debe ser a redución de accidentes de tráfico, poderíanse establecer outras actuacións como semáforos accionados por velocidade, pasos de peóns elevados ou redución da velocidade máxima.

129255

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39562
Data envio: 31/10/2018 17:52:45.407

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De todo o anteriormente sinalado dedúcese que esta actuación crea na contorna unha barreira física que dificulta a mobilidade interna tanto para peóns como para vehículos, polo que o Grupo Parlamentar do BNG presenta as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Vai tomar en consideración a Xunta de Galiza as alegacións presentadas pola Asociación Veciñal O Galiñeiro de Vincios a respecto do Proxecto de reforma da estrada PO 331?

2. Ten previsto a Xunta de Galiza adoptar medidas para a supresión ou o abaramento da peaxe da autovía AG-57?

3. Considera o goberno galego que o citado treito debe ter características de vía urbana ou como se pretende co citado Proxecto debe converterse nunha estrada convencional, creando un muro de división da parroquia e dificultando a mobilidade peonil e en vehículos?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

129256

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 17:52
Nº Rexistro: 39562
Data envio: 31/10/2018 17:52:45.407

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 17:51:03

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 17:51:09

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 17:51:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 17:51:19

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 17:51:21

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 17:51:23

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39607
Data envio: 02/11/2018 14:20:02.047
Data 02/11/2018 14:19

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9274** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as condicións da concesión de permiso pola Xunta de Galicia a unha empresa para a almacenaxe e o tratamento de pneumáticos na parroquia de Lendo, no concello da Laracha"**, (publicada no BOPG número 117 do 24 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 16 de outubro de 2018 pola directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, en resposta á pregunta oral 35370.

Na súa intervención, a directora xeral respondeu ás cuestións plantexadas sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación ao tratamento de pneumáticos.

O enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 16 de outubro de 2018 é:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-10-16?part=dc3e7e3a-f20e-400a-823d-5dddaf321a6d&start=2393

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: e6b3e214-4bb4-ed72-81a8-9ebc67b3d603

129258
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/11/2018 14:19:44

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39607
Data envio: 02/11/2018 14:20:02.047

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/11/2018 14:19:44

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39606
Data envio: 02/11/2018 14:19:38.921
Data 02/11/2018 14:19

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9275** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a recepción pola Xunta de Galicia dalgunha compensación económica dos propietarios dunha parcela da parroquia de Lendo, no concello da Laracha, pola retirada actual dos pneumáticos depositados nela"**, (publicada no BOPG número 117 do 24 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 16 de outubro de 2018 pola directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, en resposta á pregunta oral 35370.

Na súa intervención, a directora xeral respondeu ás cuestións plantexadas sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación ao tratamento de pneumáticos'.

O enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 16 de outubro de 2018 é:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-10-16?part=dc3e7e3a-f20e-400a-823d-5dddaf321a6d&start=2393

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 8622f9e6-8905-d284-2fb1-8d0ac8c90435

129260
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/11/2018 14:19:35

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39606
Data envio: 02/11/2018 14:19:38.921

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/11/2018 14:19:35

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39608
Data envio: 02/11/2018 14:20:10.953
Data 02/11/2018 14:20

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 9273** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **" as condicións da concesión de permiso pola Xunta de Galicia a unha empresa para a almacenaxe e o tratamento de pneumáticos na parroquia de Lendo, no concello da Laracha, así como a recepción dalgunha compensación económica dos propietarios da parcela pola retirada actual dese material"**, (publicada no BOPG número 117 do 24 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 16 de outubro de 2018 pola directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, en resposta á pregunta oral 35370.

Na súa intervención, a directora xeral respondeu ás cuestións plantexadas sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación ao tratamento de pneumáticos.

O enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 16 de outubro de 2018 é:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-10-16?part=dc3e7e3a-f20e-400a-823d-5dddaf321a6d&start=2393

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 9a606686-db55-60e1-bce5-2f0db529f117

129262
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/11/2018 14:20:07

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39608
Data envio: 02/11/2018 14:20:10.953

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/11/2018 14:20:07

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39604
Data envio: 02/11/2018 14:19:24.124
Data 02/11/2018 14:19

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14356** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as condicións da concesión de permiso pola Xunta de Galicia a unha empresa para a almacenaxe e o tratamento de pneumáticos na parroquia de Lendo, no concello da Laracha"**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 16 de outubro de 2018 pola directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, en resposta á pregunta oral 35370.

Na súa intervención, a directora xeral respondeu ás cuestións plantexadas sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación ao tratamento de pneumáticos'.

O enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 16 de outubro de 2018 é:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-10-16?part=dc3e7e3a-f20e-400a-823d-5dddaf321a6d&start=2393

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 9826a3f1-a801-5775-e8f5-b9edf6f3aa62

129264
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/11/2018 14:19:20

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39604
Data envio: 02/11/2018 14:19:24.124

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/11/2018 14:19:20

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39605
Data envio: 02/11/2018 14:19:31.233
Data 02/11/2018 14:19

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14355** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as condicións da concesión de permiso pola Xunta de Galicia a unha empresa para a almacenaxe e o tratamento de pneumáticos na parroquia de Lendo, no concello da Laracha, así como a recepción dalgunha compensación económica dos propietarios da parcela pola retirada actual dese material"**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 16 de outubro de 2018 pola directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, en resposta á pregunta oral 35370.

Na súa intervención, a directora xeral respondeu ás cuestións plantexadas sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación ao tratamento de pneumáticos'.

O enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 16 de outubro de 2018 é:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-10-16?part=dc3e7e3a-f20e-400a-823d-5dddaf321a6d&start=2393

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: dcc20128-9458-6df4-0c11-35270e1cf537

129266
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/11/2018 14:19:27

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39605
Data envio: 02/11/2018 14:19:31.233

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/11/2018 14:19:27

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 13:18
Nº Rexistro: 39642
Data envio: 05/11/2018 13:18:46.579
Data 05/11/2018 13:18

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33353,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as condicións exixidas polo Goberno galego para a cesión de terreos aos concellos para a realización de obras nas estradas autonómicas, o coñecemento da perigosidade que presenta a estrada PO-234 entre os concellos de Ponte Caldelas e de Cerdedo-Cotobade, así como as súas previsións respecto da aceptación da proposta de convenio do Concello de Ponte Caldelas en relación coas expropiacións para a súa reforma e as datas de execución das obras"**, (publicada no BOPG número 338 do 19 de xullo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A Administración autonómica, co obxectivo de avanzar na mellora da estrada PO-234, decidiu dividir os traballos en tres fases.

A primeira delas, Portasouto-Augasantas, cunha lonxitude de 2,7 km, comprendidos entre o punto quilométrico 4+150 (cruce a Portasouto) e o 6+840 (Augasantas), nos concellos de Ponte Caldelas e de Cerdedo-Cotobade, xa rematada e á disposición dos veciños. A actuación comezou nesta parte da vía ao dispor o Concello de Cerdedo-Cotobade dos terreos necesarios para a súa execución.

A segunda fase, Ponte Caldelas-Laxoso, cunha lonxitude duns 2 quilómetros comprendidos entre o punto quilométrico 0+420 e o 2+580, desde o final da travesía de Ponte Caldelas ata a entrada de Laxoso, desenvólvese na súa totalidade no termo municipal de Ponte Caldelas. Neste mes de novembro aprobarase o decreto de expropiacións para, a continuación, licitar

CVE-PREPAR: a1089345-ba34-3d87-88b0-3f50c75e37d3

129268
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 05/11/2018 13:18:36

as obras, tal e como lle trasladou a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade aos representantes da plataforma da estrada PO-234, da asociación de veciños e da comunidade de montes de Laxoso, na xuntanza celebrada o pasado 31 de outubro.

A mellora da PO-234 completarase cunha terceira fase, que se desenvolverá entre o punto quilométrico 2+580 (Laxoso) e o 4+150 (Cruce de Portasouto), cuxo proxecto se redactará o vindeiro ano.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

CVE-PREPAR: a1089345-ba34-3d87-88b0-3f50c75e37d3

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 13:18
Nº Rexistro: 39642
Data envio: 05/11/2018 13:18:46.579

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/11/2018 13:18:36

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39601
Data envio: 02/11/2018 14:19:01.045
Data 02/11/2018 14:18

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23646,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia en relación coa incidencia da ludopatía entre a mocidade galega"**, (publicada no BOPG número 251 do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

" A día de hoxe, a comunidade autónoma de Galicia conta cunha regulación que protexe aos menores en materia de xogo. Con independencia deste punto, e en aras de introducir melloras neste ámbito, a Administración autonómica está traballando na elaboración dun novo texto legal que estableza maiores controis nos accesos aos locais de xogo e maiores medidas con respecto ao control da publicidade. Ademais, así dáse tamén cumprimento á Proposición non de Lei con número 23777 aprobada no Parlamento galego e na que se insta a elaborar unha nova Lei do Xogo.

A día de hoxe, xa se iniciou a consulta previa para recibir todas as propostas e suxerencias dos sectores máis afectados. Posteriormente, no texto concretaranse medidas específicas para promover o xogo responsable e buscarase a implicación tanto do sector, como das asociacións de persoas afectadas por ludopatía.

Indicar por outra banda que a Consellería de Sanidade cofinancia o desenvolvemento de proxectos de prevención de condutas adictivas en entidades locais e sen ánimo de lucro dende 1988.

Estes proxectos están compostos por un conxunto de programas e actividades preventivas divididos por ámbitos (fundamentalmente escolar, familiar e xuvenil). As entidades que desenvolven estes proxectos traballan de xeito transversal todos os trastornos adictivos e adaptan os seus contidos ás necesidades das poboacións destinatarias. Neste marco desenvolveron actividades preventivas, tanto no ámbito do xogo patolóxico como no resto de trastornos adictivos tendo en conta as demandas

CVE-PREPAR: 94d77fb6-16d7-0f17-a6f6-0be50f361492

129271
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/11/2018 14:18:57

plantexadas pola poboación xa sexa a nivel escolar (polos docentes), familiar (nas escolas de pais) ou xuvenil (en asociacións e institucións deportivas e culturais, entre outras).

No ámbito concreto do xogo patolóxico, en coherencia coa maior preocupación social xa referida, as entidades están a recibir nos últimos anos máis peticións de actividades monográficas sobre este tema (así como sobre os problemas relacionados co uso de internet e as tecnoloxías da información) e, en todos os casos nos que se solicita, a Consellería de Sanidade está a dar por válidos (e cofinanciar) este tipo de programas*".*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: 94d77fb6-16d7-0f17-a6f6-0be50f361492

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39601
Data envio: 02/11/2018 14:19:01.045

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/11/2018 14:18:57

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39602
Data envio: 02/11/2018 14:19:09.217
Data 02/11/2018 14:19

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22766,** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles García Míguez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **"as medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual na comunidade autónoma"**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Igualdade,** que ten o seguinte contido:

A información que demanda esta iniciativa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Coisión 5ª do 3.10.2018- pola secretaria xeral da Igualdade ao darlle resposta á pregunta 33824 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario .

O enlace no que pode ser consultada esta intervención é:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2018-10-03

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: aa77ba56-b1a0-5481-2d07-2748310a2f16

129274
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/11/2018 14:19:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39602
Data envio: 02/11/2018 14:19:09.217

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/11/2018 14:19:05

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39600
Data envio: 02/11/2018 14:18:53.311
Data 02/11/2018 14:18

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23647,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia en relación coa incidencia da ludopatía entre a mocidade galega, os mecanismos postos en marcha e o orzamento destinado á súa prevención e combate, así como a suficiencia da normativa vixente en materia de xogos e apostas para a protección dos menores e as decisións adoptadas para eses fins na Comisión do Xogo de Galicia"**, (publicada no BOPG número 251 do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

" A día de hoxe, a comunidade autónoma de Galicia conta cunha regulación que protexe aos menores en materia de xogo. Con independencia deste punto, e en aras de introducir melloras neste ámbito, a Administración autonómica está traballando na elaboración dun novo texto legal que estableza maiores controis nos accesos aos locais de xogo e maiores medidas con respecto ao control da publicidade. Ademais, así dáse tamén cumprimento á Proposición non de Lei con número 23777 aprobada no Parlamento galego e na que se insta a elaborar unha nova Lei do Xogo.

A día de hoxe, xa se iniciou a consulta previa para recibir todas as propostas e suxerencias dos sectores máis afectados. Posteriormente, no texto concretaranse medidas específicas para promover o xogo responsable e buscarase a implicación tanto do sector, como das asociacións de persoas afectadas por ludopatía.

Indicar por outra banda que a Consellería de Sanidade cofinancia o desenvolvemento de proxectos de prevención de condutas adictivas en entidades locais e sen ánimo de lucro dende 1988.

Estes proxectos están compostos por un conxunto de programas e actividades preventivas divididos por ámbitos (fundamentalmente escolar, familiar e xuvenil). As entidades que desenvolven estes proxectos traballan de xeito transversal todos os trastornos adictivos e adaptan os seus contidos ás

CVE-PREPAR: ca09e2f5-2287-7a04-7e84-2181b6a7e9a9

129276
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/11/2018 14:18:48

necesidades das poboacións destinatarias. Neste marco desenvolveron actividades preventivas, tanto no ámbito do xogo patolóxico como no resto de trastornos adictivos tendo en conta as demandas plantexadas pola poboación xa sexa a nivel escolar (polos docentes), familiar (nas escolas de pais) ou xuvenil (en asociacións e institucións deportivas e culturais, entre outras).

No ámbito concreto do xogo patolóxico, en coherencia coa maior preocupación social xa referida, as entidades están a recibir nos últimos anos máis peticións de actividades monográficas sobre este tema (así como sobre os problemas relacionados co uso de internet e as tecnoloxías da información) e, en todos os casos nos que se solicita, a Consellería de Sanidade está a dar por válidos (e cofinanciar) este tipo de programas*".*

